



# PROCESO DE ADMISIÓN

## **CURSO 2016 – 17**

- Este proceso estará regulado pola Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG. 15/03/13) e polo Decreto 254/2012 do 13 de decembro (DOG. 26/12/2012), da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- Os postos escolares ofertados polo centro para o curso 2016-17 son os que se sinalan no Anexo I.
- O prazo de **presentación de solicitudes** será o comprendido entre o **1 e o 29 de marzo** de 2016, ambos os dous incluídos.
- No caso de proxenitores separados, divorciados ou non unidos por ningún vínculo legal, a solicitude ten que estar **obrigatoriamente asinada polos dous titulares**.
- Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro elixido en primeiro lugar. En caso contrario perderá os dereitos de prioridade.
- Se un alumno/a cambia de centro deberá comunicar a renuncia á reserva de praza no centro de orixe antes de matricularse no novo.
- Se houberse máis solicitudes que prazas nalgún nivel educativo, solicitarase a documentación complementaria para o baremo entre o 29 de marzo e o 15 de abril.
- As **listas provisionais de admitidos/as publicaranse o día 29 de abril**, podendo reclamar contra as mesmas no prazo de 5 días hábiles mediante instancia dirixida á Dirección do centro. **As listas definitivas de admitidos/as publicaranse o 13 de maio**.
- A formalización de matrícula realizarase no período comprendido entre o 20 e o 30 de xuño en educación infantil e primaria, e entre o 25 de xuño e o 11 de xullo na E.S.O.
- Os alumnos/as poderán usar os servizos de transporte e comedor segundo a legislación específica, marcándoo no impreso de admisión e presentando a correspondente solicitude específica no prazo correspondente..

Ares, 23 de febreiro de 2016.

A DIRECTORA